

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de maio 2020**

Ás 17.00 horas do día 21 de maio de 2020, réunese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/3450475> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de febreiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 20 de febreiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS DE AXUDA DE CONTIDO SOCIAL PARA PALIAR OS EFECTOS SANITARIOS, ECONÓMICOS E SOCIAIS OCAASIONADOS POLA PANDEMIA DO COVID 19.-

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, dá lectura á moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, indica que lle parece moi ben o contido da moción pero simplemente quere saber de onde sacará a Deputación eses 19 millóns de euros para gasto.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, entende que é una proposta que intenta abarcar demasiadas cuestión e moitas delas que non son nin competencias da propia Deputación, polo que en principio se vai a abster. Engade que todas estas propostas deben partir de que os concellos, como administración máis próxima á veciñanza, son os que deben distribuír o material e recibir as transferencias oportunas para dentro da autonomía municipal e das liñas de actuación que poidan indicar outras administracións públicas, realizar o gasto. Por último engade que da compra de material que fixo a Deputación por importe de 400.000 euros ao Concello de Allariz ao día de hoxe só chegaron 350 mascarar.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, indica que o seu grupo votará en contra, que igualmente queren saber como se financiaría todo ese gasto e engade que a normativa que quere aprobar o goberno do Estado parece que vai na liña contraria, de reducir o gasto das entidades locais.

A **presidenta da comisión** agradece as propostas do Partido Socialista, pero indica que a Deputación Provincial de Ourense está facendo un esforzo enorme nesta crise, para a que ningunha administración nin ningún goberno está preparada, pero lembra que desde que se decretou o estado de alarma o mando único lle corresponde ao goberno central.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que por suposto que se financiaría co gran remanente de tesourería que ten esta Deputación. A continuación relata a súa experiencia como alcalde do Concello de Taboadela, seguramente moi parecida á de moitos outros alcaldes e alcaidesas da provincia, indicando que se atoparon sos e desamparados ante esta crise e que ao seu Concello non chegou material nin da Deputación nin da Xunta.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, engade que esta moción é contraditoria co expresado nas comisión de onte polo Grupo Socialista e que non hai nin unha soa referencia a que o goberno central lles permita precisamente aos concellos e deputacións empregar o remanente, e que esa, a día de hoxe, debe ser a principal reclamación.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, incide igualmente en que a normativa estatal debe permitir o gasto con cargo ao remanente e flexibilizar ou eliminar a regra de gasto. Insiste en que a Deputación debe canalizar todas as axudas a través dos concellos, como coñecedores da demanda municipal e tal e como fan as outras deputacións.

A **presidenta da comisión** insiste en que ao primeiro que se lle debe reclamar é ao goberno central para que permita usar os aforros das entidades locais e que na comisión de seguimento do COVID, que terá representación de todos os grupos, se deberán tratar as propostas concretas.

Non se producen máis intervencións e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), o voto en contra do Grupo Popular (5) e Democracia Ourensana (1) e a abstención de Ciudadanos (1) e do BNG (1), a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo proposto na moción:

Solicitar a aprobación das seguintes medidas e partidas económicas:

- Emerxencia social extraordinaria: 6 millóns de €.
- Voluntariado provincial: 100.000 €.

- Desinfección vírica pública: 1.825.000 €.
- Axudas á conciliación: 2 millóns de euros.
- Traslado ao ámbito domiciliario dos servizos de rehabilitación e terapia ocupacional: 500.000 €.
- Atención das persoas sen fogar: 200.000 €.
- Apoio aos centros sociosanitarios: 800.000 €.
- Loita contra a fenda educativa e profesional debida a desvantaxes dixitais: 2.100.000 €.
- Duplicar a partida aprobada para comerciou: 450.000 €.
- Subvención para o desemprego creado polo COVID-19: 5 millóns de euros.
- Axudas económicas pequenas empresas que pecharon como consecuencia do estado de alarma: 550.000 €

CUSTO TOTAL DAS MEDIDAS SOLICITADAS: 19.530.000 €.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre o estado de tramitación das axudas Comerciou.

A **presidenta da comisión** indica que hai rexistradas xa máis de 1.000 solicitudes, que hai dous días se ditou a primeira resolución con 277 concesións.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.